

VECIÑANZA RECLÁMALLE AO GOBERNO LOCAL QUE INTERVEÑA NA CONSERVACIÓN DOS PASOS DE MEIRA

- *Veciñanza levará o pleno de setembro unha moción para esixirle ao Goberno Municipal que interveña na conservación deste conxunto patrimonial.*
- *Os Pasos de Meira están formados por tres ducias de pedras, de medio metro de alto, e unen as aldeas de Cardecide e Meira.*
- *Este conxunto foi obxecto de restauración no ano 2012 no marco do proxecto Arredor da Auga, coordinado por Adegas (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza) en colaboración coa Asociación Cultural O Fervedoiro, de Cuntis, e financiado con fondos públicos.*
- *O abandono dos Pasos de Meira foi denunciado no mes de marzo do ano 2015, cando a Asociación O Fervedoiro sinalaba o estado no que quedarán despois das obras realizadas na EDAR que se atopa nas súas proximidades. Na actualidade, os Pasos de Meira seguen a presentar un lamentable estado de abandono.*

Cuntis, 22 de agosto de 2020

Veciñanza reclámalle ao Goberno Local a conservación do conxunto patrimonial dos Pasos de Meira, abandonados dende a súa restauración no ano 2012. A candidatura municipalista de Cuntis levará ao próximo pleno **unha moción para esixir a intervención do goberno local ante o estado que presentan estes elementos etnográficos do río Gallo**. Este conxunto patrimonial está formado por aproximadamente tres ducias de pedras, de medio metro de alto, que une as aldeas de Cardecide e Meira polo leito do propio río. A súa existencia remóntase, cando menos, ao **século XVIII**, sendo moi empregados debido á intensa afluencia que rexistraba a feira naquela altura desta segunda aldea, antes da existencia da Ponte de Nieto. O conxunto compóñeno un par de escaleiras que dan acceso aos pasos.

Este conxunto foi obxecto de restauración no ano 2012 no marco do proxecto Arredor da Auga, coordinado por Adegas (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza) en colaboración coa Asociación Cultural O Fervedoiro, de Cuntis. O proxecto, ideado para a súa realización no río Gallo (pertencente á conca hidrográfica do río Umia) tiña por obxecto concienciar á sociedade do valor da conservación dos ecosistemas fluviais e do seu patrimonio. No seu momento, foi **financiado con fondos LEADER polo FEADER, o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e o AGADER**. Ao contar co investimento público, a necesidade de conservación supera a simple responsabilidade que atinxe ao patrimonio. É obriga das administracións proporcionarlle o mantemento adecuado, como recolle a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza; sobre todo no que concirne ao artigo 25.2 e outros.





O abandono dos Pasos de Meira foi denunciado no mes de marzo do ano 2015, cando a Asociación O Fervedoiro sinalaba o estado no que quedaran despois das obras realizadas na EDAR que se atopa nas súas proximidades. Na actualidade, os Pasos de Meira seguen a presentar un **lamentable estado de abandono**. Nestes anos, o Concello de Cuntis non realizou ningunha intervención de mantemento, nin demandou da autoridade competente (Augas de Galicia) o compromiso necesario. Varios dos pasos da marxe de Meira (ao carón da depuradora) están **soterrados no lodo e entre a vexetación, outros están descolocados e na zona foise acumulando area e outros sedimentos**. Hai que lembrar que, ademais de seren un ben patrimonial, os pasos poden ser empregados como forma de acceso dunha marxe á outra do río, polo que o seu estado actual representa un perigo para quen quixese facer uso deles.

